

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 1

Os seguintes documentos serven de base para a realización dunha composición sobre a desamortización, que xunto con outras medidas (abolición do réxime señorial, desvinculación dos morgados...) conforman o que podemos considerar en conxunto a reforma agraria liberal. Os tres primeiros documentos explicitan o tipo de bens afectados por cada medida desamortizadora, expoñendo o primeiro deles os obxectivos que se pretenden acadar. Os dous últimos textos son valoracións do proceso desamortizador no seu conxunto feitas na época actual por historiadores, que deben axudarche a facer un balance do mesmo, pois o primeiro deles (Doc.4) céntrase nos resultados sociais da desamortización, mentres o segundo (Doc.5) atende sobre todo aos efectos financeiros e económicos.

Doc.1.-Desamortización de Mendizábal (1836):

“Señora: vender a masa de bens que viñeron ser propiedade da nación non é tan só cumprir unha promesa solemne e dar garantía positiva á débeda nacional por medio dunha amortización exactamente igual ao produto das rendas; é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública, vivificar unha riqueza morta, desobstruír as canles da industria e da circulación, apegar ao país polo amor natural e vehemente a todo o propio, anhear a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, identificar co trono excelso a Isabel II, símbolo da orde e da liberdade (...), crear una copiosa familia de propietarios (...).

Art. 1. Quedan declarados en venda desde agora tódolos bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”.

Doc.2.-Desamortización de Espartero (1841):

“Art. 1. Tódalas propiedades do clero secular (...) son bens nacionais (...).

Art. 3. Decláranse en venda tódalas fincas, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías”.

Doc.3.-Desamortización de Madoz (1855):

“Art. 1. Decláranse en estado de venda (...) tódolos predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes:

Ó Estado. Ao clero. Ás Ordes Militares (...). Ás confrarías, obras pías e santuarios (...). Aos propios e comúns dos pobos. Á beneficencia. Á instrucción pública e calesquera outros pertencentes a mans mortas xa estean ou non mandados vender por leis anteriores”.

Doc.4.-O xurista e historiador Francisco Tomás y Valiente enxuiza así a desamortización:

“En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras “mans mortas” non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado (...).

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser o de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...). Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro”.

Doc.5.-O historiador Josep Fontana exprésase do xeito seguinte:

“¿Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvarlo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse”

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 2

Os documentos que seguen teñen como asunto central a oposición ao réxime franquista. O ámbito cronolóxico vai desde os anos de posguerra (Doc.1) ata os derradeiros tempos da dictadura (Doc.4), presentando as diversas actividades levadas a cabo por sectores tamén diferentes da oposición: guerrilla (Doc.1), movemento universitario (Doc.2), movemento obreiro (Doc.3) e forzas políticas que se articulan cara o remate da dictadura (Doc.4). Na túa redacción debes tratar a variedade e evolución da oposición ao franquismo, tendo en conta as fontes documentais suministradas.

Doc.1.-O guerrilleiro Francisco Rey lembra o movemento dos anos 40:

“Alí onde había homes perseguidos que se viron na necesidade de fuxir, fixérono antes de caer de novo na cadea ou ante un pelotón de execución. Marcharon así ao monte homes de tódalas tendencias, socialistas, anarquistas, algúns católicos e, sobre todo, numerosos militantes comunistas (...).

Ó principio as nosas accións tiñan un carácter case exclusivamente de fuxidos que se moven organizadamente buscando puntos de apoio, falando coas xentes da necesidade de crear o movemento guerrilleiro. Eramos os fuxidos, os escapados, como nos chamaba o pobo. E nesa época, no momento máis agudo da represión franquista, tivemos sempre o apoio abnegado, silencioso e incondicional do pobo. Aqueles homes que nas aldeas nos axudaban sabían perfectamente ao que se expoñían e, sen embargo, non vacilaban en acollernos”.

Doc.2.-Noticia recollida en *Mundo Obrero* dunha manifestación universitaria en Madrid (1956):

“Estes potentes berros, lanzados por centos de valentes peitos xuvenís, atronaban as rúas céntricas da capital. Unha proba patente da debilidade do goberno é que non se atreveu a utilizar a policía armada para reprimir a manifestación. A forza pública recibira instrucións de retirarse (...).

Ó pasar a manifestación diante do Ministerio de Gobernación, recrudecéronse os berros dos estudantes contra a Falanxe e contra o réxime. O público acollía a manifestación cun grande alborozo, con signos emocionantes de simpatía. Os estudantes antifranquistas foron donos ese día das rúas céntricas da capital durante preto dunha hora. O tráfico foi paralizado por completo na rúa de Alcalá”.

Doc.3.-O líder sindical Marcelino Camacho lembra as orixes das Comisións Obreiras (CC.OO.):

“A cabalo entre 1956 e 1957 xurdiu e desapareceu, nun prazo breve, unha comisión na mina asturiana *La Camocha*, para defender unha asignación de carbón aos mineiros (...). Outras funcionaron en diversos lugares como Euskadi, Cataluña, Valencia, Andalucía, etc., sempre de forma fugaz e variada composición (...).

En Madrid iniciouse unha nova fase de Comisións Obreiras que se caracterizou polo carácter permanente desas comisións elixidas en asembleas (...). Decidíramos servirmos da Escola Sindical de Enlaces (...) como un medio para nos coñecer e estender os nosos contactos sobre todo coas grandes empresas do metal”.

Doc.4.-En 1974, o Partido Comunista de España inspirou a formación da Xunta Democrática, na que se agrupaban diversas forzas de oposición que aprobaron o seguinte programa:

- “1.-A formación dun goberno provisional que substitúa ao actual (...).
- 3.-A legalización dos partidos políticos sen exclusións.
- 4.-A liberdade sindical e a restitución ao movemento obreiro do patrimonio do Sindicato Vertical.
- 5.-Os dereitos de folga, de reunión e de manifestación pacífica.
- 6.-A liberdade de prensa (...).
- 8.-A neutralidade e a profesionalidade, exclusivamente militar para a defensa exterior, das forzas armadas.
- 9.-O recoñecemento, baixo a unidade do Estado español, da personalidade política dos pobos catalán, vasco e galego e das comunidades e rexións que o decidan democraticamente.
- 10.-A separación da Igrexa e do Estado (...).”

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 1

Os seguintes documentos ilustran sobre as institucións e/ou persoas que son depositarias da soberanía segundo catro constitucións da España do século XIX. Na túa exposición, trata de diferenciar os distintos tipos de soberanía que estes ordenamentos constitucionais implican (soberanía nacional, soberanía compartida, soberanía popular). En todo caso, debes contextualizar os documentos na súa época en relación cos réximes políticos que orixinan ou reflicten, marcando as diferencias esenciais entre eles.

Doc.1.-A Constitución de 1837:

“Sendo a vontade da nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o dezanove de marzo de mil oitocentos doce, as Cortes Xerais congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

Doc.2.-A Constitución de 1845:

“Dona Isabel II, pola gracia de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas (...), sabede: Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado (...), modificando ao efecto a Constitución promulgada o 18 de xuño de 1837, viñemos, en unión e de acordo coas Cortes actualmente reunidas, en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

Doc.3.-A Constitución de 1869:

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade, a seguridade (...), decretan e sancionan a seguinte Constitución”.

Doc.4.-A Constitución de 1876:

“Don Alfonso XII, pola gracia de Deus Rei constitucional de España (...), sabede: que en unión e de acordo coas Cortes do Reino actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

OPCION 2

A partir dos seguintes documentos debes elaborar un comentario sobre a situación que se viviu en España logo da guerra civil. No ámbito da política interior; o elemento esencial foi a instauración dun réxime político autoritario, comezada xa durante a contenda bélica, marcando as diferencias coas democracias parlamentarias (Doc.1), e que atoparía a súa concreción en diferentes textos legais. A economía dos longos anos de posguerra estivo marcada pola política autárquica (Doc.2), con obxectivos nunca acadados. E polo que respecta ás relacións internacionais, o réxime franquista pasou dunha franca amizade cos países do Eixo (Doc.3) a sufrir o illamento internacional ao remate da Segunda Guerra Mundial (Doc.4). Lembra que a redacción que elabores debe ter en conta as fontes documentais subministradas, pois non se trata de elaborar un tema á marxe das mesmas.

Doc.1.-Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do Alzamiento Nacional:

Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...).

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, sustitúelle o misional e totalitario, que orienta ao pobo sinalándolle o camiño (...).

Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos; hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases (...); hai que elevar os principios do *Movimiento*”.

Doc.2.-"Fundamentos e directrices dun Plano de saneamento da nosa economía, harmónico coa nosa reconstrucción nacional" (1939), por Francisco Franco:

“O problema máis grande que se presenta á economía española é o desnivel desfavorable da nosa balanza de pagos co estranxeiro (...). Suprimilo ten que constituír a directriz principal da nosa política económica, xa que, de outra maneira, se produciría o fenómeno de que a riqueza nacional continuase a esgotarse nesta sangría de centos de millóns que anualmente vai vigorizar a economía dos países exportadores (...)

Imponse á nosa política comercial no exterior:

1º. Suprimir importacións que non sexan indispensables.

2º. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan estan redución.

3º. Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.

4º. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

Doc.3.-Entrevista de Franco e Hitler en Hendaia (1940):



Doc.4.-En decembro de 1946, a Asemblea Xeral da ONU condena o réxime de Franco:

“A) Pola súa orixe, natureza, estrutura e comportamento xeral, o réxime de Franco é un réxime fascista, organizado e implantado en grande parte mercede á axuda da Alemaña nazi e da Italia fascista de Mussolini.

B) Durante a longa loita das Nacións Unidas contra Hitler e Mussolini, Franco prestou unha axuda moi considerable ás potencias inimigas, malia as continuas protestas dos aliados (...).

A Asemblea Xeral, convencida de que o Goberno fascista de Franco en España (...) non representa ao pobo español (...), recomenda que se prohiba ao Goberno de Franco pertencer aos organismos internacionais creados polas Nacións Unidas ou relacionados con elas (...).

Así mesmo, a Asemblea recomenda que tódolos Estados membros das Nacións Unidas retiren inmediatamente os embaixadores e ministros plenipotenciarios que teñen acreditados en Madrid”.

CONVOCATORIA DE XUÑO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto ós contidos concretos tratados na redacción, e referidos ós documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

OPCIÓN 1

-A desamortización, o seu significado e a súa importancia no conxunto das medidas que configuran a reforma agraria liberal.

-Os distintos bens afectados.

-Obxectivos financeiros, socioeconómicos e políticos.

-Resultados neses mesmos ámbitos.

-É pertinente, pero non esixible, facer algunha referencia ás peculiaridades da desamortización en

Galicia: transferencia de rendas, non de propiedades, no caso da eclesiástica, e fracaso da lei Madoz.

OPCIÓN 2

-A oposición ó franquismo como combate contra un réxime autoritario instaurado mercede ó seu triunfo nunha guerra civil.

-A diversidade das formas de organización e loita da oposición á dictadura franquista, desde a guerrilla ata a articulación de forzas políticas diversas.

-A evolución cronolóxica dos movementos de oposición en función dos diferentes contextos, desde a posguerra ata os preludios da transición democrática.

-A variedade dos ámbitos nos que se manifestou a oposición: estudantes, traballadores, partidos políticos...

-As liñas políticas inspiradoras e conductoras da oposición, destacando o protagonismo no interior do PCE.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

OPCIÓN 1

-Identificar nos documentos os distintos tipos de soberanía que reflicten: compartida, nacional, popular, comentando as súas características.

-Comentar as implicacións que en cada caso presentan en relación con outros aspectos esenciais do ordenamento político: división de poderes e exercicio dos mesmos, sufraxio e representatividade...

-Contextualizar cada documento nun período concreto (etapas da monarquía isabelina, Sexenio

democrático, Restauración) sinalando as diferencias esenciais entre eles.

-É pertinente, aínda que non estrictamente necesario, aludir ó carácter convulso que tivo a consolidación do parlamentarismo na España do século XIX, como a propia sucesión de constitucións pon de manifesto.

OPCIÓN 2

-Os fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, insistindo no seu carácter autoritario e marcando as diferencias coa democracia parlamentaria.

-A implantación dunha política económica autárquica, aludindo ás liñas e sectores priorizados, aos instrumentos postos ao seu servizo e aos resultados acadados.

-Unha política exterior marcada inicialmente pola amizade coas potencias do Eixo, que deu paso ao illamento internacional logo da victoria aliada en 1945.